

Boletín N° 297. Martes, 29 de diciembre de 1998

- III. ADMINISTRACIÓN LOCAL - III.2 MUNICIPAL - PORTO DO SON

ANUNCIO Pág. 11071 Reg. 20414-PD / 19024.

Anterior

Siguiente

Ordenanzas fiscais

Aprobada definitivamente a modificación das ordenanzas fiscais das taxas que de seguido se detallan, xa que logo non se produciron reclamacións contras as mesmas, publícanse integramente, dando cumprimento ó establecido no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

3.º .-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE ENTERRAMENTO E OUTROS SERVICIOS FÚNEBRES DE CARÁCTER MUNICIPAL

Artigo 1.º .-Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 b) da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, este Concello establece a "taxa por licencias de enterramento e outros servicios fúnebres de carácter municipal", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, do cal as normas atenden ó previsto no artigo 58 da nomeada Lei 38/1988.

Artigo 2.º .-Feito imponible.

Está constituído polo seguinte:

- 1.º .-Expedición de licencias de enterramento.
- 2.º .-Expedición de títulos de concesión de nichos, sepulturas e panteóns.
- 3.º .-Licencias de obras para panteóns, mausoleos, etc.

Artigo 3.-Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Tributaria:

Que soliciten ou resulten beneficiarias ou afectadas polos servicios ou actividades locais que presten ou realicen as entidades locais, conforme a algún dos supostos previstos no artigo 20.4 da Lei de Facendas Locais.

En concreto, virán obrigados ó pagamento desta taxa:

1.º .-Os que soliciten o servicio no caso de expedición de licenzia de enterramento ou de obras.

2.º .-Os concesionarios ou posuidores nos demais casos.

Artigo 4.º .

Estarán exentas do pagamento de toda taxa tódalas persoas comprendidas no artigo 29 do regulamento, é dicir:

- a) Os pobres de solemnidade, estean ou non incluídos no padrón da beneficencia.
- b) Os acollidos en establecementos de beneficencia, asilos, casas de maternidade, etc.
- c) Os relixiosos e relixiosas de comunidades pobres.
- d) Persoas mortas sen identificar.

Artigo 5.º .-Cotas.

A exacción, liquidación e cobramento das taxas enumeradas no artigo 2.º farase na forma e casos que se establecen nesta ordenanza. Como consecuencia, o disposto nesta ordenanza relativo ás taxas enumeradas nos apartados 2.º e 3.º do mesmo artigo entenderase como modificación á que se dispón nas ordenanzas fiscais respectivas de expedición de títulos, placas, patentes, etc., e as licenzias de obras, rexéndose supletoriamente por estas.

A expresada ordenanza municipal, regularase polas seguintes:

COTAS

1.º .-EXPEDICIÓN DE LICENCIAS DE ENTERRAMENTO.

| | Pesetas |
|--|----------------|
| Por cada enterramento en panteón, nicho de parede ou sepultura | 10.000 |

2.º .-EXPEDICIÓN DE TÍTULOS DE CONCESIÓN DE NICHOS OU SEPULTURAS.

| | Pesetas |
|-------|----------------|
| Única | 5.000 |

3.º .-LICENCIAS DE OBRAS.

| | Pesetas |
|---|----------------|
| Por construcción de panteóns, criptas, mausoleos e outras construcións funerarias suntuarias, o 0,25 por cento do presuposto da obra, cun mínimo de | 5.000 |

Artigo 6.º .-Obriga de contribuir.

A obriga de contribuir nacerá:

- a) Nos casos dos apartados 1.º e 3.º do artigo 2.º , no momento que se solicite o servizo.
- b) Nos casos do apartado 2.º , no momento de adquiri-la condición de concesionario por virtude do procedemento regulado no respectivo regulamento.

Artigo 7.º .

Estas taxas retribuirán separadamente, o seu pagamento esixirase por adiantado. Terán o carácter de únicas e retribuiranse por unha soa vez.

Artigo 8.º .

A falta de pagamento orixinará a negativa do Concello a prestación dos servizos.

Artigo 9.º .

Nos casos de defraudación estarase ó disposto no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 10.º .

Esta ordenanza comezará a rexe-lo 1 de xaneiro de 1999, conforme establece a Lei 25/1998, do 13 de xullo.